

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCA O “PROGRAMA CAMPUS RURAL” – FASE I OFERTA DE ENTIDADES

O Programa Campus Rural é unha iniciativa desenvolvida polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, en colaboración co Ministerio de Universidades e as Universidades Públicas Españolas, que permitirá que estudantes universitarios/as de calquera titulación oficial poidan levar a cabo prácticas académicas en municipios de menos de 5.000 habitantes en zonas rurais con problemas de despoboamento, a través de entidades cuxas dependencias estean situadas nas zonas obxecto da iniciativa, xa se trate de concellos, mancomunidades e outros organismos. Tamén en asociacións, Cámaras de Comercio ou fundacións sen ánimo lucro e empresas legalmente constituídas.

En virtude das facultades que lle outorgan a Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE publicar a convocatoria do Programa Campus Rural, na fase I de “oferta das entidades participantes” coas seguintes bases:

1. OBXECTO

O programa permitirá que o estudantado universitario de calquera titulación oficial poida completar a súa formación mediante a realización de prácticas académicas externas, tanto curriculares como extracurriculares, no ámbito rural, en zonas con problemas de despoboamento, residindo no mesmo, coñecendo en profundidade e convivindo e colaborando coa súa xente, de modo que poidan velo como un lugar de oportunidades para o desenvolvemento do seu futuro profesional.

2. REQUISITOS DAS ENTIDADES PARTICIPANTES

Poderá participar neste programa calquera administración local, institución, organismo, entidade sen ánimo de lucro ou empresa legalmente constituída, que

- Desenvolva a súa actividade en municipios españois de menos de 5.000 habitantes.
- Propoña unha solución habitacional de residencia para o alumno/a durante o período da práctica, ou de asistencia para a súa procura, no municipio no que realice as prácticas. De non ser posible, en municipios de similares características sitos a unha distancia non superior a 20 km.
- Dispoña das instalacións e dos medios adecuados para desenvolver as prácticas.
- Dispoña do persoal adecuado para titorizar as prácticas. As persoas titoras deben pertencer á entidade colaboradora, estar vinculadas con ela e contar con experiencia profesional e cos coñecementos necesarios para realizar unha titorización efectiva.

3. CARACTERÍSTICAS DAS PRÁCTICAS

As prácticas deben:

- Ter un carácter formativo e en ningún caso poderán substituír un posto de traballo estrutural.
- Deben axustarse aos requisitos establecidos no Real Decreto 592/2014, que regula as prácticas universitarias, así como ás normativas da Universidade de Vigo de prácticas externas e de recoñecemento curricular.
- Ter unha vinculación directa con algunha das titulacións de grao ou de mestrado oficial ofertadas por la Universidade de Vigo.
- Realizarse nun período mínimo de 2 meses e máximo de 4 meses, comprendido entre o **1 de maio e o 15 de novembro de 2025**.



O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a través da Universidade de Vigo, aboará as prácticas que terán unha contía económica de 1.000 euros brutos mensuais por estudante, xunto coa cobertura de gastos derivados da cotización á Seguridade Social

A Universidade de Vigo realizará á selección do estudantado beneficiario deste programa atendendo á súa adecuación ao perfil solicitado pola entidade colaboradora e a nota media do seu expediente académico de acordo co que se establece na convocatoria que se publique a tal efecto.

4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. As entidades deberán cubrir o formulario en liña na seguinte ligazón https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/13712

As entidades para cada perfil buscado deben presentar unha única oferta, podendo presentar tantas ofertas como perfís de prácticas demandados, indicando os perfís requiridos en cada unha delas e podéndose establecer ata un máximo 5 titulacións relacionadas co perfil que se busca.

2. O prazo de presentación das solicitudes comeza o día seguinte a publicarse esta convocatoria e finaliza o **20 de febreiro de 2025** ás 23:59 horas (hora peninsular española).

5. SELECCIÓN

Unha vez revisadas as solicitudes a selección será efectuada por unha comisión composta por:

Presidenta: Natalia Caparrini Marín, vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Vogais: Maruxa Álvarez Jiménez, directora da Área de Emprego e Emprendemento

Reyes Fernández González, Técnica Superior en orientación Laboral

Rosa Graña Costas, xefa do Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos

Se, por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/algúnha dos/das compoñentes non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a listaxe de entidades seleccionadas no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, cos efectos de notificación previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A elección das entidades que finalmente reciban algún estudante en prácticas, de entre as seleccionadas polas universidades para participar no programa, virá determinada pola orde de prelación establecido para a asignación de estudantes.

En todo caso a selección queda condicionada á sinatura do convenio co Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente.

As comunicacións individuais que resulten necesarias realizaranse na dirección electrónica sinalada na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

6. OBRIGAS DAS ENTIDADES

Durante o periodo de execución das prácticas a entidade colaboradora deberá:

- Cumprir coas condicións de seguridade, e sanitarias no seu caso, adoptadas polos seus servizos de prevención de riscos laborais ou autoridades competentes.
- Cumprir co marco legal en materia de prácticas académicas externas.



- c) Cumprir co proxecto formativo e facilitar unha titorización efectiva, garantindo a posibilidade de asistencia ás probas finais de avaliación que se realicen durante o período de realización das prácticas.
- d) Informar ó órgano responsable das prácticas externas da universidade das posibles incidencias xurdidas e supervisarán, e no seu caso solicitarán, a adecuada disposición dos recursos de apoio necesarios para asegurar que o estudantado con discapacidade realice as súas prácticas en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

A Universidade de Vigo poderá requirir os informes que estime oportunos a fin de determinar a idoneidade da entidade colaboradora.

7. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion_datos_para_CONVOCATORIAS_bolsas.pdf)

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso #ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Con todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de publicarse a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo mentres non recaia unha resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade,
Natalia Caparrini Marín

